



# Xeografía e Ordenación do Territorio

## Traballo de Fin de Grao

### **O acaparamento de terras en África: un ensaio de caracterización dos axentes instigadores**

Autor: Pablo Medín Carracedo

Titor: Valerià Paül Carril

Departamento: Xeografía

Curso: 2021-2022

**Resumo:**

Desde 2007, o acaparamento de terras aumentou drasticamente en todo o mundo. Este traballo céntrase en África, a rexión máis afectada por este proceso. A confluencia de varias crises en relación co prezo dos combustibles e dos alimentos fixo saltar as alarmas a nivel internacional, especialmente entre os países e as grandes empresas do norte global, por facerse con terras en países empobrecidos do sur con grande cantidade de recursos e baixas rendas.

O obxecto deste traballo é caracterizar os países e axentes instigadores no acaparamento de terras en África, tanto de orixe como de destino dos investimentos, así como as causas e consecuencias, positivas e negativas, producidas por este fenómeno. Para isto faise unha relación entre diversas variables a partir da base de datos de contratos sobre a terra de Land Matrix e de outros organismos como a FAO ou o Banco Mundial.

A conclusión do traballo é que o acaparamento de terras implica unha forte ameaza para o desenvolvemento dos países empobrecidos de África. As súas consecuencias son especialmente notorias para os colectivos máis pobres e vulnerables.

**Resumen:**

Desde 2007, el acaparamiento de tierras ha aumentado drásticamente en todo el mundo. Este trabajo se centra en África, la región más afectada por este proceso. La confluencia de varias crisis en relación al precio de los combustibles y alimentos ha encendido las alarmas a nivel internacional, especialmente entre países y grandes empresas del norte global, por apropiarse de tierras en países empobrecidos del sur con grandes cantidades de recursos y bajas rentas.

El objetivo de este trabajo es caracterizar los países y agentes implicados en el acaparamiento de tierras en África, tanto de origen como de destino de las inversiones, así como las causas y consecuencias, positivas y negativas, que produce este fenómeno. Para ello se hace una relación entre diversas variables

de la base de datos de contratos de tierras de Land Matrix y otras agencias como la FAO o el Banco Mundial.

La conclusión del trabajo es que el acaparamiento de tierras representa una fuerte amenaza para el desarrollo de los países empobrecidos de África. Sus consecuencias son especialmente notorias para los grupos más pobres y vulnerables.

**Abstract:**

Since 2007, land grabbing was a phenomenon that increased drastically throughout the world. This project focuses on Africa, the most affected region by this process. The confluence of several crisis in relation to the price of fuel and food pushed especially the countries and large companies of the global north to acquire land in impoverished countries of the south with large amounts of resources and low incomes, especially the countries and big companies of the global north.

The purpose of this project is to characterize the countries and agents involved in land grabbing in Africa, both the origin and destination of the investments, as well as the causes and consequences, positive and negative, produced by this phenomenon. In order to achieve this, a relationship is made between various variables from the Land Matrix database of land contracts and from other organizations such as the FAO or the World Bank.

The conclusion of the project is that land grabbing entails a serious threat to the development of impoverished countries in Africa. Its consequences are especially notorious for the poorest and most vulnerable groups.

**Palabras chave:** Acaparamento de terras, agricultura, despoxo, empobrecimento, África.

**Palabras clave:** Acaparamiento de tierras, agricultura, desposesión, empobrecimiento, África.

**Key words:** Land grabbing, agriculture, dispossession, impoverishment, Africa.

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. UN ACHEGAMENTO TEÓRICO AO ACAPARAMENTO DE TERRAS.....	2
2.1. BREVE CONTEXTO HISTÓRICO DO ACAPARAMENTO DE TERRAS.....	3
2.2. CARA A UNHA CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE INVESTIDORES.....	4
2.3. DÚAS PERSPECTIVAS DISOCIADAS.....	5
2.4. A PROPOSTA DUN CÓDIGO DE CONDUTA.....	7
2.5. CATEGORIZANDO OS CAMBIOS NOS USOS DA TERRA.....	10
2.6. AS RELACIÓNS DE PROPIEDAD COA TERRA.....	13
2.7. PRINCIPAIS CONSECUENCIAS DO ACAPARAMENTO DE TERRAS.....	13
2.8. IDEAS CHAVE SOBRE O ACAPARAMENTO DE TERRAS.....	16
3. METODOLOXÍA.....	17
4. RESULTADOS.....	24
4.1. CUANTIFICACIÓN DAS TRANSACCIÓNS.....	24
4.2. DESTINO DOS INVESTIMENTOS.....	25
4.3. QUEN INVISTE NOS PAÍSES AFRICANOS?.....	30
4.4. CARACTERIZACIÓN DAS TERRAS ACAPARADAS.....	35
4.5. FLUXOS COMERCIAIS DOS PAÍSES ACAPARADORES E DOS ACAPARADOS.....	42
4.6. CONSECUENCIAS DO ACAPARAMENTO.....	48
5. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS.....	51
BIBLIOGRAFÍA.....	53

## 1. INTRODUCCIÓN

Entre os anos 2007 e 2015 produciuse un drástico aumento dos acaparamentos de terras a raíz dunha serie de crises a nivel mundial. Por un lado, o incremento dos prezos dos alimentos, tanto polo aumento da demanda como polas restricións de diversos países produtores á exportación (Aabø e Kring, 2012 e Zaehring et al., 2021), o que puxo en perigo a seguridade alimentaria de varios estados. Por outro lado, a suba constante dos prezos do petróleo, que impulsou a produción de cultivos destinados á elaboración de biocombustibles (Acheampong e Champion, 2014 e Alhassan et al., 2018). Ambas razóns impulsaron a mercantilización da terra e o xurdimento de influxos financeiros que centraron o investimento cara á adquisición de terreos (Genoud, 2018).

O acaparamento de terras non é un fenómeno novo, pois remóntase á época colonialista. Porén, esta última onda presenta características propias, como a aparición dos entes privados como principais actores do acaparamento, de xeito que exercen unha influencia máis económica que territorial (Harvey, 2003). En relación coa súa procedencia, tradicionalmente os investimentos en terras en África eran monopolizados por países europeos, seguidos de Estados Unidos e Canadá. Posteriormente novos actores empezaron a ser partícipes deste proceso. Países asiáticos como Xapón ou Corea do Sur e máis tarde China ou a India. Tamén cobraron grande presenza investidores do Golfo Pérsico, tales como Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos ou Qatar (Anseeuw et al., 2012).

As consecuencias do acaparamento de terras a miúdo soen implicar un empeoramento das condicións de vida das poboacións locais e unha ameaza contra o medio ambiente. Por un lado, ponse en perigo a seguridade alimentaria e o sustento económico das familias ao privarlas dos que tradicionalmente foron os seus medios de vida (Borrás e Franco, 2010; Anseeuw et al., 2012; Alhassan et al., 2018). Por outro lado, o acaparamento de terras é un forte impulsor da deforestación e causante da desaparición de humidais e outros ecosistemas de gran valor (Borrás e Franco, 2010; Zaehring et al., 2021). Paralelamente isto diminúe a capacidade de absorción de CO<sub>2</sub> dos bosques, ao reducir drasticamente a masa forestal (Franco e Borrás, 2021).

O seguinte estudo trata de analizar os diferentes axentes partícipes no acaparamento de terras en África, tanto de orixe como de destino dos investimentos, e as consecuencias derivadas deste proceso. Para isto realízase unha análise de diferentes variables a partir da base de datos de Land Matrix e doutras institucións, como o Banco Mundial ou a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO).

## 2. UN ACHEGAMENTO TEÓRICO AO ACAPARAMENTO DE TERRAS

Durante as últimas dúas décadas o acaparamento de terras converteuse nun fenómeno de grande interese para diversos movementos relacionados coa tenza da terra e a seguridade e a soberanía alimentarias. Así, fóronse facendo eco del tanto os axentes implicados como varias ramas dentro da literatura científica. Este fai referencia á gran cantidade de operacións comerciais, nacionais e transnacionais, de terra que xiran en torno á produción de alimentos e biocombustibles (Borrás e Franco, 2010), principalmente para a exportación (Borrás e Franco, 2011).

O acaparamento de terras vive o seu auxe a partir do 2007-2008 (Anseeuw et al., 2012; Aabø e Kring, 2012; Genoud, 2018 e Zaehring et al., 2021), coincidindo cunha serie de crises a nivel mundial. En primeiro lugar, produciuse un grande aumento de prezos nos alimentos polo crecemento da demanda nos países do norte global (Zaehring et al., 2021), o que se viu agravado por restricións a exportación de alimentos en moitos países produtores, sendo aqueles máis dependentes das importacións os que sufriron un forte impacto sobre a súa seguridade alimentaria (Aabø e Kring, 2012). Simultaneamente, a suba nos prezos do petróleo levou a que os cultivos destinados a biocombustibles cobraran un grande protagonismo, como resposta ás preocupacións en relación á seguridade enerxética e ao cambio climático, chegando a conformar unha parte central nos plans gubernamentais de desenvolvemento en moitos países (Acheampong e Champion, 2014 e Alhassan et al., 2018). Isto contribuíu a un certo cambio de uso dos cultivos dende a produción de alimentos á xeración de recursos enerxéticos, que tamén supuxo un incremento do prezo dos alimentos en torno a un 20-30% (Aabø e Kring,

2012). Ao mesmo tempo, a forte recesión financeira a nivel global, que tivo comezo en setembro de 2007 coa creba de Lehman Brothers, redirixiu moitas das inversións cara novos produtos e sectores, o que incluíu á agricultura (Aabø e Kring, 2012). A dimensión financeira é un elemento novidoso dentro do acaparamento de terras contemporáneo, que hai que engadir aos actores agrícolas tradicionais toda unha serie de influxos financeiros que dan lugar a unha mercantilización da terra, que pasará a verse como activo condicionado pola especulación (Genoud, 2018). O actual contexto de variacións en relación cos prezos dos alimentos e dos combustibles tamén levou á popularización de certos cultivos que ofrecen a posibilidade de derivarse a diversos usos, en función da previsión de rendibilidade. Son os coñecidos como cultivos flexibles, tales como a solla, a cana de azucre, o aceite de palma ou o millo (Genoud, 2018).

## 2.1. BREVE CONTEXTO HISTÓRICO DO ACAPARAMENTO DE TERRAS

Historicamente empresas e gobernos do norte global estiveron interesados nas terras do sur, despoñendo a campeciños e indíxenas e empeorando as condicións ambientais (Borrás e Franco, 2010). Xa dende o proceso de descolonización posterior á Segunda Guerra Mundial, a autonomía política dos novos estados era relativa e estivo sometida a numerosas presións por parte das antigas metrópoles e outras potencias. Parte desas presións derivaron no xurdimento de políticas de reforma agraria e da propiedade que favoreceron a adquisición de terras por parte das empresas e axentes económicos dominantes do norte (Akram-Lodhi et al., 2007). As circunstancias foron diversas nos diferentes países, dende revolucións campeciñas que dan lugar a políticas redistributivas ata reformas agrícolas e de propiedade co obxectivo de lexitimar o poder dunha facción da elite ou o centralismo estatal (Akram-Lodhi et al., 2007).

Con frecuencia as elites nacionais posteriores á independencia dos países tras o proceso descolonizador aproveitaron as súas posicións privilexiadas para investiren nas terras dos seus países, especialmente en África, con preferencia de aquelas con maior potencial para seren explotadas. Esta circunstancia caracterizaría os investimentos en terras africanas anteriores á confluencia de

crises dos anos 2007 e 2008, e os actores nacionais foron os que abrangueron a gran parte das operacións (Aabø e Kring, 2012).

Posteriormente ás crises de 2007 e 2008, o renovado interese pola terra empurrou a actores externos a involucrarse na compra de terras cultivables de África. Isto implicou o sector privado (dende agronegocios ata bancos de inversión), os estados con inseguridade alimentaria e hídrica e os fondos soberanos dunha forma nova ata o momento, movidos por motivos xeopolíticos e financeiros, alén da produción de alimentos e outras materias para o mercado global e local (Aabø e Kring, 2012). A partir de entón comezan a xurdir protestas dende movementos de activistas que se opoñen á compra masiva de terras avogando pola xustiza ambiental e social no mundo agrario dos países empobrecidos. Isto dá lugar ao xurdimento do concepto de “acaparamento de terras” dende a óptica da crítica ás correntes clásicas de desenvolvemento, as cales absorberán o concepto coa intención de despolitizalo e reformulalo como unha oportunidade que beneficia a expansión da agroindustria en favor dos pobres da sustentabilidade ambiental (Borrás e Franco, 2010).

Estes novos actores públicos e privados caracterizan o imperialismo contemporáneo, a diferenza do que acontecía no pasado, cando os estados o exercían exclusivamente. Ademais, a influencia destes é máis de tipo económica que territorial (Harvey, 2003), aínda que as consecuencias espaciais sexan notorias.

A dimensión internacional que acada o acaparamento de terras fai que pase a ser un tema central dende a perspectiva da gobernanza global, pois pasan a estar implicados varios actores transnacionais, dende o ámbito público ata o privado (Margulis et al.,2013), cando tradicionalmente non era un asunto de grande interese a esta escala.

## 2.2. CARA A UNHA CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE INVESTIDORES

Borrás e Franco (2010) caracterizan o fenómeno do acaparamento de terras contemporáneo como un proceso de actores económicos de “governos nacionais de países ricos en fondos e pobres en recursos” que están a buscar “países pobres en fondos e ricos en recursos”, pero a realidade é moi complexa



como para obter unha imaxe clara do tipo de investidores implicados. Segundo Anseeuw et al. (2012) son tres os grupos aos que se poden asociar a orixe dos investimentos en función da nacionalidade: países do norte global, estados do Golfo Pérsico e países emerxentes.

Respecto ao norte global, principalmente trátase de países europeos xunto EEUU e Xapón. Estes países tradicionalmente monopolizaron os investimentos estranxeiros en terras africanas.

O segundo grupo implicaría todos aqueles países do Golfo Pérsico que obteñen grandes ingresos derivados da explotación de combustibles fósiles. Porén, a súa capacidade para produciren alimentos ou outro tipo de cultivos se ve altamente condicionada polas súas características climáticas adversas. É o caso de Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos, Qatar ou Bahrein.

En terceiro lugar estarían toda unha serie de países emerxentes no acaparamento de terras con circunstancias moi diversas. Un caso é Corea do Sur, cunha gran poboación e unha forte industria demandante de recursos. Tamén se atopan na mesma situación Sudáfrica, cunha forte presenza rexional no sur do continente, ou India e China, os dous países máis poboados do mundo, que precisan dunha gran cantidade de terreo para produciren alimentos e outros recursos para a súa poboación. De feito, China aumentou drasticamente a súa presenza en África nas últimas dúas décadas ata converterse a día de hoxe no principal socio comercial da maioría de países do continente.

### 2.3. DÚAS PERSPECTIVAS DISOCIADAS

Como xa se mencionou, a raíz da explosión de adquisición de terras a partir das crises de 2007-2008, xorden varios movementos contrarios a este tipo de actividade. Grupos como *Genetic Resources Action International* (GRAIN), *Foodfirst Information and Action Network* (FIAN) ou *La Vía Campesina*, entre outros, foron pioneiros na denuncia dos efectos negativos que as adquisicións a gran escala de terras están a xerar (Borrás e Franco, 2010). Un dos primeiros informes publicados nesta liña foi *“Seized: The 2008 Landgrab for Food and Financial Security* (GRAIN, 2008). Este traballo denuncia os acaparamentos de terras como violacións dos dereitos humanos (German e Braga, 2019). No entanto, fóra de establecerse un consenso, dende os círculos clásicos do

desenvolvemento adoptáronse posturas contrarias a todos estes movementos activistas, como o Banco Mundial (2009), co informe titulado “*Awakening Africa's Sleeping Giant: Prospects for Commercial Agriculture in the Guinea Savanna Zone and Beyond*”, que defende que as grandes adquisicións de terras en áreas rurais de países empobrecidos supoñen unha oportunidade de impulso económico que beneficia por igual os entes locais e os investidores estranxeiros e que contribúe á xeración de emprego e á mellora da produtividade (Borrás e Franco, 2010; German e Braga, 2019; Zaehring et al., 2021).

Porén, este discurso sobre os supostos beneficios dos investimentos a grande escala na adquisición de terras realmente agocha toda unha serie de intereses ominosos a favor do desenvolvemento capitalista da agroindustria mundial e de diversos sectores vinculados ao fenómeno (Borrás e Franco, 2011; Acheampong e Campion, 2014; Zaehring et al., 2021). Entre estes sectores destaca o dos biocombustibles cada vez con maior peso, o cal é promocionado polo Banco Mundial como unha oportunidade para satisfacer as demandas enerxéticas dunha forma sostible xerando ingresos e emprego para as comunidades locais e reducir a contaminación á par que se promove o desenvolvemento rural (Acheampong e Campion, 2014). Con todo, na práctica é difícil determinar ata que punto se xera un beneficio que compense todas as implicacións negativas dos biocombustibles, ademais de que raramente as comunidades locais obteñen unha retribución xusta que os compense.

A financiarización do acaparamento de terras tamén formula un forte contrapunto entre os círculos clásicos do desenvolvemento, defensores de que os investimentos en terras a grande escala benefician por igual a grande industria agroalimentaria e os pequenos agricultores, e os seus críticos, que a consideran como un medio para xerar novas formas de acumulación de ganancias a costa de desposuír os agricultores pobres (Akram-Lodhi, Borrás, Kay e McKinley, 2007; Hall, 2013; McMichael, 2012 *apud* Genoud, 2018).

Dende o ámbito académico a perspectiva preponderante considera o actual proceso de acaparamento de terras como unha ameaza contra a seguridade alimentaria e os modos de vida das comunidades locais que debe de controlarse en maior ou menor medida. Case se podería falar de consenso respecto á crítica ao acaparamento de terras, pois son poucos os autores que falan de beneficios

para os agricultores pobres, pero é unánime a consideración de consecuencias negativas derivadas do proceso. (Borrás e Franco, 2010; Alhassan et al., 2018; Tesema, 2021; Zaehringer et al., 2021).

## 2.4. A PROPOSTA DUN CÓDIGO DE CONDUCTA

Segundo Borrás e Franco (2010), dende os círculos clásicos do desenvolvemento trátase de levar o discurso do acaparamento de terras cara á súa aceptación e visibilizalo como unha oportunidade a través dun código de conduta. Entre os supostos beneficios estarían a xeración de emprego, a mellora das rendas dos pequenos agricultores, a transferencia tecnolóxica ou a mellora das infraestruturas e servizos. Para isto, organismos como a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO), o Fondo Internacional de Desenvolvemento Agrícola (FIDA), a Conferencia das Nacións Unidas sobre Comercio e Desenvolvemento (CNUCED-UNCTAD) e o Banco Mundial (Borrás e Franco, 2010) defenden que é necesario establecer un marco normativo que proporcione seguridade na tenza de terras (Borrás e Franco, 2010; German e Braga, 2019 e Franco e Borrás, 2021) como forma de lograr un entorno óptimo para o investimento. Non obstante garantir a pertenza de terras nun contexto de desigualdade probablemente sexa contraproducente ata o punto de oficializar os desequilibrios e fortalecer as estruturas sociais antidemocráticas (Franco e Borrás, 2021). Os puntos chave deste código de conduta serían os presentes na Figura 1.

Transparencia nas negociacións	Débese informar os propietarios locais de terras sobre os acordos sobre a mesa e implicalos nas negociacións. A norma básica que se debe observar é a do consentimento libre, previo e informado. Hai que dedicar un especial esforzo por protexer os dereitos de grupos indíxenas e outros grupos étnicos marxinalizados. Os medios e a sociedade civil poden desempeñar un papel clave para facer chegar a información ao público
Respecto dos dereitos existentes	As persoas que perden terras deben ser compensadas e facilitarlles un medio de vida equivalente. A normativa da Comisión Mundial sobre Represas ofrece un exemplo deste tipo de políticas.
Beneficiarios compartidos	A comunidade local deberíase beneficiar, non perder, cos investimentos estranxeiros na agricultura. Os arrendamentos son preferibles ás indemnizacións saldadas cun único pago porque proporcionan unha fonte de ingresos constante cando a terra se dedica a outros usos. Os

	programas de agricultura por contrato ou de cultivos externalizados son aínda mellores porque os pequenos agricultores seguen a manter o control sobre as súas terras pero xeran beneficios para o investimento externo. En caso de que non se produzan os investimentos ou compensacións acordadas, necesítanse medidas explícitas para garantir o seu respecto.
Sustentabilidade medioambiental	É necesario realizar unha coidadosa avaliación e un bo seguimento dos impactos ambientais para garantir prácticas de produción agrícolas coherentes e sustentables que protexan contra o esgotamento dos solos, a perda dunha biodiversidade de grande importancia, o aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro e o desvío significativo de recursos hídricos doutros usos humanos ou medioambientais.
Adhesión a políticas comerciais nacionais	Cando a seguridade alimentaria nacional está en situación de risco (en caso de intensa seca, por exemplo), deberíase dar prioridade ao abastecemento interno. Os inversores estranxeiros non deberían de ter dereito a exportar durante unha crise alimentaria nacional grave.

Figura 1. Puntos chave da proposta de código de conduta do Instituto Internacional de Investigación sobre Políticas Alimentarias (IFPRI). Fonte: Borrás e Franco (2010).

Agora ben, este código de conduta presenta numerosas problemáticas, tal e como destacan Borrás e Franco (2010):

- Asímesse como válido un código de conduta baseado no marco agroalimentario e de enerxía mundial, que basicamente busca expandir a súa acumulación a base de abastecer aos países do norte global das materias primas que necesita a costa de desposuír as xentes do sur mediante técnicas extractivas (Harvey, 2003; Borrás e Franco, 2010).
- Fronte á idea de que se transforman terras marxinais en espazos produtivos, cabe mencionar que na inmensa maioría dos casos a clasificación dun solo baixo esta etiqueta non é máis que unha simplificación estatal (Borrás e Franco, 2010) que obvia a realidade de terreos que están a ser empregados e as múltiples relacións sociais e produtivas que alberga (Borrás e Franco, 2010). Ademais, na práctica os gobernos están a vender terras usadas por pequenos agricultores ou por pastores, incluso con casos de desaloxo das poboacións locais, aínda que sen ser o máis común, e outorgando taxas de compensación insuficientes (Anseeuw et al., 2012). A isto hai que engadir que unha vez son adquiridas as terras é común que se dediquen a cultivos que non aproveitan o

verdadeiro potencial dos seus solos, pois predominantemente se opta por aqueles que xeran, ou prevese que o fagan, un maior rendemento. Este é o caso das plantacións de jatropha de Ghana, que é un xénero de especie que apenas require boas condicións edáficas pero que está a ser plantada en algunhas das terras máis fértiles do país, onde anteriormente cultivaban alimentos as poboacións locais (Acheampong e Campion, 2014).

- O código de conduta tamén lle outorga importancia aos dereitos de propiedade como forma de evitar a expulsión e a desposesión. Trátase dun elemento considerado chave para institucións clásicas do desenvolvemento como o Banco Mundial ou a FAO. No entanto, na práctica este tipo de dereitos non contribuíron a reducir a desposesión, de feito en ocasións é común que ambos elementos vaian da man (Borrás e Franco, 2010). Para que os axentes estranxeiros poidan levar a cabo o acaparamento de terras é necesario que o estado xere marcos regulatorios favorables para garantir os dereitos de propiedade, o que vai na liña das ideas de Harvey (2003) de que o estado é un ente fundamental para que as prácticas extractivistas das multinacionais e outras institucións se leven a cabo. Por este motivo é necesario desenvolver un marco legal onde se contemplan as relacións sociais das poboacións locais coa terra e onde se protexan os intereses dos pequenos propietarios e dos agricultores pobres (Borrás e Franco, 2010 e Franco e Borrás, 2021).
- Outro punto chave do código de conduta é a suposta transparencia, previa información e descentralización das operacións de traspaso de terras. Realmente é difícil avaliar a transparencia coa que se desenvolven os acordos de arrendamento ou compra-venta. Xeralmente, en moitos países de África as elites locais asinan os contratos en nome das súas comunidades (Borrás e Franco, 2010), sen que haxa unha representación real do total da poboación, que ostenta pouco poder para cuestionar este tipo de decisións e que xeralmente non obteñen unha retribución xusta.
- O carácter voluntario dos acordos tamén está na órbita do código de conduta. Avaliar esta voluntariedade é especialmente complicado e na práctica raramente se poñen os medios necesarios para garantila. As

violacións de dereitos en este sentido foron aumentando progresivamente segundo se foron emitindo dereitos de propiedade sobre as terras (Sawyer e Gómez, 2008 apud Borrás e Franco, 2010). Estudos como o de Anseeuw et al. (2012) constatan que as adquisicións estrañamente soen ir asociadas a unha previa información e a un libre consentimento e que os desaloxos cada vez supoñen unha práctica máis preocupante.

- A última idea clave do código de conduta é o “partenariado”. Esta noción fai referencia á cooperación entre diversos entes públicos, privados e a propia sociedade civil co fin de acadaren acordos beneficiosos para todas as partes. No entanto, este concepto resulta problemático se se ten en conta que existen intereses encontrados e relacións desiguais de poder entre as diversas partes, onde xeralmente os pobres soen saír mal parados (Borrás e Franco, 2010).

Este código de conduta que supostamente ten implicacións positivas para os pequenos propietarios e agricultores pobres baixo os investimentos agroindustriais a grande escala en realidade soe carretar consecuencias desfavorables dende a perspectiva social e ambiental a favor dun sector produtivo en auxe desenvolvido polas grandes transnacionais e axentes estatais dos países do norte. Os pequenos agricultores non teñen a influencia nin os medios necesarios para ser partícipes dos beneficios destes grandes entes externos (Genoud, 2018) e o código de conduta dista de ofrecerlles unha solución sería ante as perpetracións de dereitos e intereses ominosos (Borrás e Franco, 2010; Acheampong e Champion, 2014).

## 2.5. CATEGORIZANDO OS CAMBIOS NOS USOS DA TERRA

Á hora de categorizar os cambios de usos na terra, Borrás e Franco (2010) establecen un método para diferenciar entre catro direccións básicas, tal e como se observa na Figura 2.

	Uso orixinal	Novo uso	Subtipo	Destino orixinal	Novo destino
<b>Tipo A</b>	Alimentos	Alimentos	A1	Autoconsumo	Intercambio interno
	Alimentos	Alimentos	A2	Autoconsumo e intercambio interno	Exportación
	Alimentos	Alimentos	A3	Intercambio interno e exportación	Autoconsumo
<b>Tipo B</b>	Alimentos	Biocombustibles	B1	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Exportación
	Alimentos	Biocombustibles	B2	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Mercado interno

<b>Tipo C</b>	Forestal	Alimentos	C1	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Autoconsumo e intercambio interno
	Forestal	Alimentos	C2	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Exportación
	Outros usos non alimentarios	Alimentos	C3	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Autoconsumo e intercambio interno
	Outros usos non alimentarios	Alimentos	C4	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Exportación
<b>Tipo D</b>	Forestal	Biocombustibles	D1	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Autoconsumo e intercambio interno
	Forestal	Biocombustibles	D2	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Exportación
	Outros usos non alimentarios	Biocombustibles	D3	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Autoconsumo e intercambio interno
	Outros usos non alimentarios	Biocombustibles	D4	Autoconsumo, intercambio interno ou exportación	Exportación

Figura 2. Principais direccións no cambio de uso da terra. Fonte: Borrás e Franco (2010).

Dentro do Tipo A diferéncianse tres subcategorías (Borrás e Franco, 2010). A primeira de todas fai referencia a aquelas terras dedicadas á produción de alimentos para o consumo propio que derivan en produción de alimento para o mercado interno. A segunda refírese ao cambio de produción de alimentos para consumo propio ou para o mercado interno cara á produción de alimentos para a exportación. Unha terceira, menos común, é aquela que implica cambios de produción de alimentos para o mercado interno ou para a exportación cara a pequenas fincas de carácter familiar.

O Tipo B estaría conformado por dúas subcategorías (Borrás e Franco, 2010). A primeira fai referencia ás terras dedicadas a produción de alimentos que mudan cara á produción de biocombustibles para a exportación, normalmente da man de grandes empresas que teñen os medios produtivos máis avanzados e eficientes e que conforman grandes monocultivos. A segunda subcategoría estaría integrada por un cambio de uso de produción de alimentos cara a biocombustibles para consumo interno, menos común que a primeira.

Nos Tipos C e D diferéncianse catro subcategorías en función de se os novos cultivos (alimentos ou biocombustibles, respectivamente) van destinados ao mercado interno ou á exportación e, tamén, de se son terreos forestais ou teñen outro tipo de uso non forestal (Borrás e Franco, 2010).

As subcategorías de cambio máis controvertidas son as dos tipos A2, B1, C2 e D2 (Figura 2). En efecto, trátase de producións de grandes multinacionais, xeralmente estranxeiras, destinadas á exportación e que poñen en risco a soberanía alimentaria e enerxética dos países onde se produce o acaparamento. Tiveron un importante auxe tras a confluencia de crises do 2007 e 2008 (Borrás e Franco, 2010; Aabø e Kring, 2012; Anseeuw et al., 2012; Genoud, 2018; Zaehring et al., 2021) que impulsou a diversos actores internacionais a protagonizar o actual acaparamento de terras en África. Cómpre mencionar que dentro das categorías A2 e C2 resulta importante diferenciar entre a produción de alimentos para a poboación e a de cultivos forraxeiros para a elaboración de pensos baratos para o crecente complexo cárnico mundial. En referencia a este último é destacable o fugaz crecemento do sector en Asia, nun primeiro momento por parte de Xapón e Corea e, máis recentemente, de China, quen está a realizar grandes investimentos en terras para a produción de cultivos destinados a pensos (Jakobsen e Hansen, 2019).

Tamén cómpre facer unha anotación en relación coas subcategorías C3, C4, D3 e D4. Moitas destas terras son clasificadas como “marxinais” ou “improdutivas”, o que supón caer no denominado “proceso de simplificación estatal” (Scott, 1998 *apud* Borrás e Franco 2010). Esta dinámica comporta obviar realidades presentes no territorio, como as complexas relacións sociais entre as xentes e as terras. Moitas destas simplificacións estatais realízanse deliberadamente para deixar de lado estas realidades e así facilitar novos acaparamentos de terras (Borrás e Franco, 2010)

Esta clasificación elaborada por Borrás e Franco (2010) é unha simplificación da realidade, que a miúdo é máis complexa ca como se amosa. A veces os cambios de categoría non supoñen unha mudanza nos cultivos se estes poden destinarse a usos múltiples. Este é o caso dos cultivos flexibles, como a soia, a cana de azucre, o aceite de palma ou o millo, que poden ser empregados como alimento, combustible, penso ou mesmo para usos industriais; xa abranguen unha cuarta parte da produción das terras acaparadas (Genoud, 2018).



## 2.6. AS RELACIÓNS DE PROPIEDAD COA TERRA

As relacións de propiedade da terra asociadas ao actual acaparamento de terras pódense concretar en dúas realidades: os grupos sociais dominantes e as terras non privadas (Borrás e Franco, 2010). Os primeiros dispoñen de certas vantaxes de acceso á terra, polo xeral por seren grandes propietarios ou ben teren as ferramentas para adquirirla. En relación coas chamadas “terras non privadas”, tamén coñecidas como “terras públicas”, trátase dunha simplificación que engloba unha categoría moi ampla/abranguente de espazos con relacións moi complexas que tenden a obviarse a favor de facilitar a súa comercialización. En ambos os dous casos existe un obxectivo común: a mercantilización a través de títulos de propiedade para apropiarse do seu valor produtivo e das forzas de traballo excedentes derivadas da perda dos medios de vida asociados a esa contorna (Harvey, 2003; Tesema, 2021). As destinatarias desa mercantilización serán principalmente empresas transnacionais e outros entes, maioritariamente estranxeiros, interesados na adquisición de terras a longo prazo.

O Estado xoga un papel moi importante na creación dun contexto lexislativo favorable para o acaparamento, con políticas deliberadamente orientadas a facilitar o control sobre a terra a empresas transnacionais, institucións e diversos entes estranxeiros, así como ás elites nacionais sobre as poboacións locais (Borrás e Franco, 2010). Todo isto xera unha clara dicotomía entre perdedores desposuídos e gañadores que acumulan capital (Borrás e Franco, 2021). Como consecuencia, refórzanse as ideas de Harvey (2003) acerca de como o estado conforma un ente central que garante os intereses das clases dominantes e das grandes multinacionais, o que comporta o aumento das desigualdades sociais e económicas pola acción das administracións públicas. Así, os gobernos tenden a levar a cabo políticas non redistributivas ou de concentración, que contribúen a preservar un *statu quo* marcado polas diferenzas sociais e económicas e en concentrar o poder nunhas poucas mans (Borrás e Franco, 2010).

## 2.7. PRINCIPAIS CONSECUENCIAS DO ACAPARAMENTO DE TERRAS

Dende o ámbito académico existe unha gran preocupación polas consecuencias que se están a xerar a raíz do acaparamento de terras producido pola confluencia de crises mundiais que tiveron lugar desde 2007 e 2008 (Borrás e

Franco, 2010). A mercantilización e privatización da terra están a ocasionar a expulsión da poboación, a perda dos seus medios de vida e a apropiación da forza de traballo por parte das multinacionais e outros entes partícipes no proceso (Harvey, 2003; Tesema, 2021). A pesar dalgúns beneficios visibles xerados a partir destes últimos, como oportunidades de emprego e mellora de infraestruturas e servizos, o balance soe ser claramente negativo (Alhassan et al., 2018; Zaehring et al., 2021).

En relación coa xeración de emprego, a bibliografía dispoñible amosa diversidade de posicións, aínda que tende a orientarse cara a unha visión crítica do acaparamento de terras neste sentido. A gran variedade de explotacións agrícolas que hai en África dá lugar a unha grande heteroxeneidade de circunstancias, pero polo xeral o tipo de empregos xerados soe ser de carácter informal e mal remunerados (Acheampong e Campion, 2014; Alhassan et al., 2018). Ademais, resulta difícil estimar a perda de empregos pola desaparición dos medios de vida autóctonos como consecuencia do acaparamento e se realmente os novos postos xerados son suficientes como para compensar esa carencia, mais autores como Borrás e Franco (2010), Anseeuw et al. (2012), Alhassan et al. (2018) e Zaehring et al. (2021) defenden que non.

A seguridade alimentaria nos fogares agrícolas é outro elemento que se ve gravemente comprometido polo acaparamento de terras (Borrás e Franco, 2010; Acheampong e Campion, 2014; Alhassan et al., 2018; Zaehring et al., 2021). Se ben é certo que os investimentos agrícolas a grande escala contribúen normalmente á mellora da produtividade, non o é menos que o desprazamento das poboacións e a falla de acceso ás terras que anteriormente eran cultivadas por esas poboacións autóctonas impiden que os locais participen dos beneficios deses incrementos agrarios. Isto é especialmente problemático no contexto africano, onde máis do 70% da man de obra traballa no sector terciario e depende do acceso á terra en maior ou menor medida para o seu sustento (Aabø e Kring, 2012), polo que se trata de colectivos altamente vulnerables. Ademais, cando se xeran desprazamentos, estes case sempre son dende solos agrícolas de gran calidade cara a outros menos fértiles (Alhassan et al., 2018).

A prestación de servizos tamén está directamente relacionada co acaparamento de terras, mais a grande heteroxeneidade de casos dificulta valorar se o seu

efecto é positivo ou negativo. No caso da educación, esta está claramente vinculada á obtención de ingresos para poder afrontar os gastos escolares, mais cando os ingresos son baixos o tempo destinado ao traballo sempre se antepón á educación (Alhassan et al., 2018). A sanidade, ao igual que a educación, depende en gran medida dos investimentos que prometen realizar os investidores das terras como forma de compensación, aínda que non sempre se materializan (Borrás e Franco, 2010; Anseeuw et al., 2012). Por outra parte, a mellora das infraestruturas tamén soe estar moi condicionada polos investimentos dos investidores, os cales tenden a priorizar aquelas vías de comunicación, telecomunicación e transporte eléctrico que favorezan os seus intereses, aínda que en certos casos poden resultar beneficiosos para as comunidades próximas (Anseeuw et al., 2012; Alhassan et al., 2018).

A xeración de ingresos por parte dos fogares involucrados tamén se viu amplamente comprometida pola perda de acceso ás terras que anteriormente cultivaban e a desaparición dos medios de vida que estas proporcionaban (Acheampong e Champion, 2014; Alhassan et al., 2018; Zaehring et al., 2021). Isto forza os fogares a adoptaren complexas estratexias para a súa subsistencia (Borrás e Franco, 2010; Alhassan et al., 2018).

A nivel ambiental as consecuencias tamén son notorias. Os investimentos agrícolas a grande escala impulsan a deforestación (Borrás e Franco, 2010; Zaehring et al., 2021) e a desaparición de humidais e outros ecosistemas de gran valor (Borrás e Franco, 2010; Anseeuw et al. 2012; Zaehring et al., 2021). Asemade, a instalación de sistemas de rego modernos aumenta a presión sobre os recursos hídricos existentes, especialmente en contextos de seca (Zaehring et al., 2021). Alén disto, os investidores estanse a decantar por aquelas terras cun mellor acceso á auga, restrinxindo o das poboacións locais, e, amais, estes investidores aumentan amplamente o consumo deste recurso preciado (Anseeuw et al., 2012). Autores como Franco e Borrás (2021) tamén afirman que as políticas permisivas co acaparamento reforzan as estruturas e institucións antidemocráticas que contribúen significativamente ao cambio climático e fan unha especial énfase na tala indiscriminada de árbores e a conseguinte perda de capacidade de absorción de CO<sub>2</sub>. Mesmo aquela categoría de acaparamento denominada como “verde”, que fai referencia á reforestación como forma de

compensación polas emisións de CO<sub>2</sub>, recibe críticas. En efecto, trátase dun medio para aumentar a cantidade de gases de efecto invernadoiro que poden emitir as empresas que están detrás do fenómeno, sen que iso evite todo o resto de consecuencias negativas asociadas ao acaparamento.

## 2.8. IDEAS CHAVE SOBRE O ACAPARAMENTO DE TERRAS

Existe na actualidade un contexto mundial de febre pola adquisición de terras derivado da confluencia de crises dos anos 2007 e 2008 (Borrás e Franco, 2010; Aabø e Kring, 2012; Alhassan et al., 2018) que implica unha serie de problemáticas. Si ben é certo que as áreas rurais dos países empobrecidos precisan investimentos no sector agrícola para aumentar a produtividade (Aabø e Kring, 2012), na práctica aqueles estados que están propoñendo marcos regulatorios favorables á adquisición de terras por parte de grandes transnacionais e outros axentes estranxeiros soamente están lastrando o seu potencial desenvolvemento e prexudicando o benestar das poboacións rurais (Alhassan et al., 2018).

O acaparamento de terras, tal e como se desenvolve a día de hoxe, supón unha forte ameaza para as poboacións rurais afectadas e para o desenvolvemento dos países nos que se dá o fenómeno (Borrás e Franco, 2010; Aabø e Kring, 2012; Alhassan et al., 2018; Zaehring et al., 2021). Ademais implica toda unha serie de efectos negativos a nivel ambiental tales como o agravamento do cambio climático, o fortalecemento de situacións de estrés hídrico, a contaminación de solos ou a destrución de ecosistemas naturais de gran valor (Anseeuw et al., 2012; Franco e Borrás, 2021; Zaehring et al., 2021).

Dende os círculos preponderantes do desenvolvemento a defensa de instrumentos de tenza formal como medio para garantir os dereitos da sociedade en xeral é defendido como un elemento clave. Non obstante, boa parte da crítica oponse a esta perspectiva e argumenta que a privatización da terra non é máis que un requisito para a súa mercantilización a favor das grandes transnacionais e diversos axentes públicos e privados do norte global (Harvey, 2003; Borrás e Franco, 2010), sen que se produzan evidencias de efectos positivos para as poboacións locais e sendo en moitos casos a fonte de conflito (German e Braga, 2019). Segundo Franco e Borrás (2021) é a política de distribución da terra, e

non a seguridade na súa tenza, a chave sobre a que recaen as grandes problemáticas asociadas ao acaparamento, polo que é preciso promocionar marcos legais que propoñan medidas redistributivas que brinden acceso á terra aos máis desfavorecidos, especialmente ante o contexto africano de gran dependencia de agricultura para o autoconsumo.

Asemade, a defensa da privatización de terras por parte dalgunhas institucións clásicas do desenvolvemento, tales como a FAO ou o Banco Mundial, resulta contraditoria coa recente crítica que realizan sobre o acaparamento de terras, xa que os marcos lexislativos favorables á mercantilización favorecen este fenómeno (Borrás e Franco, 2010; Franco e Borrás, 2021).

A aplicación do código de conduta proposto polas institucións clásicas do desenvolvemento tampouco é unha solución válida para a problemática do acaparamento de terras, que precisa de marcos regulatorios que controlen os excesos provocados polos investidores e que se enfoquen nos colectivos máis vulnerables (Borrás e Franco, 2010; Alhassan et al., 2018; Tesema, 2021; Zaehringer et al., 2021). Autores como Acheampong e Champion (2014) propoñen que os investimentos deben desenvolverse de forma que favorezan os medios de vida dos pequenos agricultores e onde estes poidan ser partícipes dos beneficios das explotacións, garantindo a súa seguridade alimentaria e necesidades enerxéticas.

### 3. METODOLOXÍA

Para o estudo empírico realizado empregáronse diferentes bases de datos. A principal delas foi Land Matrix, unha iniciativa levada a cabo polo Centro para o Desenvolvemento e o Medio Ambiente da Universidade de Berna, o Centro de Cooperación Internacional en Investigación Agronómica para o Desenvolvemento, o Instituto Alemán de Estudos Globais e de Área, a Sociedade Alemá para a Cooperación Internacional e a Coalición Internacional da Terra, xunto a outros cooperadores a redor do mundo. Nesta base recompílanse datos sobre acordos de transaccións de terras nos cinco continentes, así como diversas características en relación coas partes contratantes, a súa natureza pública ou privada, os países de procedencia ou

destino dos investimentos, o estado das terras, os usos e cultivos aos que se dedican, etc.

Outras variables de tipo estatal foron obtidas a través de bases de datos institucionais como o Banco Mundial ou a FAO, tales como as exportacións e importacións de alimentos, o estrés hídrico ou as superficies nacionais de terras cultivables ou área selvática.

Tamén se fixo uso de outras bases de datos, como a do portal web “resourcetrade.earth”, elaborado por Chatham House, unha organización dedicada ao estudo de asuntos internacionais. Dela obtívose información en relación cos intercambios comerciais de produtos agrícolas de diferentes estados. A esta hai que sumar a información obtida de *Ayuda en Acción*, unha organización sen ánimo de lucro que anualmente elabora un índice de fame global.

VARIABLE	FONTE	ANOTACIÓNS
Ano no que se realizou o contrato	<i>Land Matrix</i>	Para o seguinte estudo so se empregaron os comprendidos entre o 2000 e o 2020
Área cultivable dos países	<i>Banco Mundial</i>	Dos anos 2000 e 2018 (último ano dispoñible)
Área do terreo	<i>Land Matrix</i>	
Área dos países	<i>Banco Mundial</i>	
Área selvática dos países	<i>Banco Mundial</i>	Dos anos 2000 e 2020 (último ano dispoñible)
Balance de exportacións de alimentos	<i>Banco Mundial</i>	Porcentaxe de exportación de alimentos respecto ao valor total de mercadorías no 2018 (último ano dispoñible)
Balance de importacións de alimentos	<i>Banco Mundial</i>	Porcentaxe de importación de alimentos respecto ao valor total de mercadorías no 2018 (último ano dispoñible)
Cultivos	<i>Land Matrix</i>	Clasificación dos diferentes tipos de cultivos plantados nos terreos.
Estado de implementación	<i>Land Matrix</i>	Clasificación das terras segundo sexan operativas, proxectos abandonados, proxectos non comezados ou en proceso de posta en marcha.
Exportación de alimentos	<i>Resource Trade</i>	Exportación dos diferentes tipos de alimentos para varios países do mundo no ano 2020
Importación de alimentos	<i>Resource Trade</i>	Importación dos diferentes tipos de alimentos para varios países do mundo no ano 2020
Índice de Estrés Hídrico	<i>FAO</i>	Índice sintético que cuantifica o estrés hídrico ao que están sometidos os diferentes países do mundo
Índice Global de Fame	<i>Ayuda en Acción</i>	Índice sintético que cuantifica a prevalencia da fame nos diferentes países do mundo
Nacionalidade da institución matriz	<i>Land Matrix</i>	
Nacionalidade da terra	<i>Land Matrix</i>	

Nacionalidade do propietario	<i>Land Matrix</i>	
Nome do propietario	<i>Land Matrix</i>	
Porcentaxe da agricultura no PIB	<i>Banco Mundial</i>	Peso da agricultura no PIB dos diferentes países no ano 2020
Tipos de investidor	<i>Land Matrix</i>	Clasificación dos propietarios segundo a súa natureza privada ou pública.
Usos da terra	<i>Land Matrix</i>	Clasificación das terras que segundo se destinan a cultivos alimenticios, biocombustibles, agricultura sen especificar, produción de madeira, gando, secuestro de carbono ou outros cultivos non alimenticios.

Figura 3. Variables empregadas para a elaboración do estudo.

<b>FONTE</b>	<b>ENLACE</b>
<i>Land Matrix</i> (25/05/2022)	<a href="https://landmatrix.org/">https://landmatrix.org/</a>
<i>Ayuda en Acción</i> (03/06/2022)	<a href="https://ayudaenaccion.org/uploads/2021/10/GHI_2021_ES-small.pdf">https://ayudaenaccion.org/uploads/2021/10/GHI_2021_ES-small.pdf</a>
<i>Banco Mundial</i> (03/06/2022)	<a href="https://datos.bancomundial.org/">https://datos.bancomundial.org/</a>
<i>FAO</i> (03/06/2022)	<a href="https://www.fao.org/sustainable-development-goals/indicators/642/en/">https://www.fao.org/sustainable-development-goals/indicators/642/en/</a>
<i>Resource Trade</i> (04/06/2022)	<a href="https://resourcetrade.earth/">https://resourcetrade.earth/</a>

Figura 4. Fontes e enlaces dos que se obtiveron as variables.

As variables obtidas das bases de datos anteriormente citadas aparecen enumeradas na Figura 3. Estas foron representadas gráfica e cartográficamente, tal e como se observa na Figura 5, e analizadas co fin de comprender de onde proceden e cara onde se dirixen as inversións que levan ao acaparamento de terras e as súas consecuencias.

<b>ELEMENTO REALIZADO</b>	<b>VARIABLES EMPREGADAS</b>	<b>TRATAMIENTO DOS DATOS</b>
Fig. 6 Gráfico da evolución das hectáreas contratadas anualmente entre os anos 2000 e 2020	Ano no que se realizou o contrato	Representación lineal da superficie contratada entre os anos 2000 e 2020 por axentes transnacionais e domésticos.
	Área do terreo	
Fig. 7 Mapa da área contratada en cada país africano	Área do terreo	Representación cartográfica da área contratada en cada país africano entre os anos 2000 e 2020.
Fig. 8 Mapa da área contratada en cada país africano respecto á superficie total do mesmo	Área do terreo	Representación cartográfica da área contratada en cada país africano entre os anos 2000 e 2020 respecto á superficie total dos mesmos.
	Área dos países	
Fig. 9 Gráfico dos principais países por superficie acaparada	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da superficie acaparada dos principais destinos dos investimentos.
	Nacionalidade da terra	
Fig. 10 Gráfico dos principais países por superficie	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da superficie acaparada dos principais destinos dos investimentos transnacionais. Clasifícanse como
	Nacionalidade da terra	

acaparada en transaccións transnacionais	Nacionalidade da institución matriz	transnacionais aquelas operacións nas que o acaparador é estranxeiro.
Fig. 11 Gráfico dos principais países por superficie acaparada en transaccións domésticas	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da superficie acaparada dos principais destinos dos investimentos domésticos. Considéranse como domésticas aquelas operacións onde o acaparador é do mesmo país.
	Nacionalidade da terra	
	Nacionalidade da institución matriz	
Fig. 12 Gráfico da correlación entre a fame, o peso da agricultura na economía e o acaparamento	Área do terreo	Gráfico de dispersión que correlaciona o peso da agricultura no PIB e a preponderancia da fame nos principais países afectados polo acaparamento de terras.
	Nacionalidade da terra	
	Índice Global de Fame	
	Porcentaxe da agricultura no PIB	
Fig. 13 Gráfico de procedencia dos principais investidores por superficie acaparada	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da nacionalidade dos principais investidores en función da área acaparada.
	Nacionalidade da institución matriz	
Fig. 14 Gráfico de procedencia dos principais investidores por superficie acaparada en transaccións transnacionais	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da nacionalidade dos principais investidores en función da área acaparada en transaccións transnacionais. Clasifícanse como transnacionais aquelas operacións nas que o acaparador é estranxeiro.
	Nacionalidade da institución matriz	
Fig. 15 Gráfico de procedencia dos principais investidores por superficie acaparada en transaccións domésticas	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da nacionalidade dos principais investidores en función da área acaparada en transaccións domésticas. Considéranse como domésticas aquelas operacións onde o acaparador é do mesmo país.
	Nacionalidade da institución matriz	
Fig. 16 Gráfico de procedencia dos principais investidores por número de contratos superiores a 24.000 ha	Área do terreo	Representación gráfica en columnas dos países que acaparan as terras de maior tamaño. Para clasificar os terreos máis grandes empregouse o percentil 90 en relación á área dos mesmos. Tamén se realizou unha variación cromática para diferenciar entre catro grupos de países acaparadores diferenciados, onde se pode diferenciar entre os acaparadores tradicionais (Europa e Norteamérica), o Golfo Pérsico (principalmente Arabia Saudita e Emiratos Árabes Unidos), Asia (excluíndo ao Golfo Pérsico) e os acaparadores locais.
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 17 Gráfico dos principais investidores por superficie acaparada	Área do terreo	Representación gráfica en columnas da superficie acaparada por cada investidor. Aplícase unha diferenciación cromática en función da súa natureza doméstica ou transnacional.
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
	Nome do propietario	
	Área do terreo	



Fig. 18 Gráfico dos principais inversores por superficie acaparada respecto ao total da súa respectiva nacionalidade	Nacionalidade da institución matriz	Representación gráfica en columnas que amosa a porcentaxe acaparada por cada institución respecto ao total da súa nacionalidade.
	Nacionalidade da terra	
	Nome do propietario	
Fig. 19 Gráfico da área acaparada polos diversos tipos de investidores	Área do terreo	Representación en gráfico circular da área acaparada polos diversos tipos de investidores en seguindo a seguinte clasificación: compañía privada, sociedade que cotiza en bolsa, empresa estatal/ governamental, empresario individual, fondo de investimento, goberno, Banco Multilateral de Desenvolvemento, goberno, outros ou descoñecido.
	Tipos de investidores	
Fig. 20 Gráfico da porcentaxe de terras segundo o estatus de implantación	Área do terreo	Representación en gráfico circular da área acaparada segundo o seu estado de implantación. Distínguense entre terras operativas (que están a ser explotadas), en fase de posta en marcha, proxectos non comezados, proxectos abandonados e terreos sen información.
	Estado de implantación	
Fig. 21 Gráfico da porcentaxe de terras segundo o estatus de implantación en transaccións domésticas	Área do terreo	Representación en gráfico circular da área acaparada en transaccións domésticas segundo o seu estado de implantación. Distínguense entre terras operativas (que están a ser explotadas), en fase de posta en marcha, proxectos non comezados, proxectos abandonados e terreos sen información.
	Estado de implantación	
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 22 Gráfico da porcentaxe de terras segundo o estatus de implantación en transaccións transnacionais	Área do terreo	Representación en gráfico circular da área acaparada en transaccións transnacionais segundo o seu estado de implantación. Distínguense entre terras operativas (que están a ser explotadas), en fase de posta en marcha, proxectos non comezados, proxectos abandonados e terreos sen información.
	Estado de implantación	
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 23 Gráfico de usos das terras	Área do terreo	Representación en gráfico circular dos diferentes usos aos que se dedican os terreos.
	Usos da terra	
Fig. 24 Gráfico de usos das terras en transaccións transnacionais	Área do terreo	Representación en gráfico circular dos diferentes usos aos que se dedican os terreos de transaccións transnacionais.
	Usos da terra	
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 25 Gráfico de usos das terras en transaccións domésticas	Área do terreo	Representación en gráfico circular dos diferentes usos aos que se dedican os terreos de transaccións domésticas
	Usos da terra	
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 26 Gráfico dos principais cultivos por superficie dos terreos	Área do terreo	Representación gráfica en barras dos diferentes cultivos segundo a superficie que ocupan os terreos onde se cultivan. A porcentaxe fai referencia ao total das terras estudadas, das cales o 6,7% carecen de ningunha especificación sobre o tipo de cultivo. As seguintes cifras amosan a área dos terreos onde se cultivan os produtos, pero non
	Cultivos	

		implica que a totalidade da superficie se dedicara a ese cultivo, xa que varias explotacións traballan con máis dun tipo de planta. Asimesmo, o gráfico consta dunha clasificación cromática en función dos usos nos que se aplica cada cultivo.
Fig. 27 Gráfico da área segundo o número de cultivos por explotación	Área do terreo	Representación en gráfico circular que amosa a porcentaxe de superficie dos terreos segundo o número de cultivos aos que se destinan
	Cultivos	
Fig. 28 Gráfico do tamaño medio das terras acaparadas	Área do terreo	Representación gráfica en barras do tamaño medio dos terreos acaparados por axentes domésticos e transnacionais
	Nacionalidade da institución matriz	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 29 Gráfico da porcentaxe de terra acaparada respecto ao total de terras cultivables de cada país	Área do terreo	Representación gráfica en barras que compara a superficie acaparada coa superficie total de terras cultivables do respectivo país. Exclúese a Liberia deste gráfico xa que a gran maioría das súas explotacións son forestais
	Área cultivable dos países	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 30 Gráfico de evolución dos terreos selváticos e cultivables	Área cultivable dos países	Representación gráfica en barras que compara a evolución dos terreos selváticos e da superficie cultivable nos principais países acaparados dende o 2000 ata o 2020 e o 2018 respectivamente (anos de máxima actualidade dispoñible)
	Área selvática dos países	
	Nacionalidade da terra	
Fig. 31 Gráfico do balance de importación e exportación de alimentos dos acaparadores tradicionais	Balance de exportacións de alimentos	Representación gráfica en barras das exportacións e importacións de alimentos respecto ao total das mercadorías nos países acaparadores tradicionais
	Balance de importacións de alimentos	
Fig. 32 Gráfico do balance de importación e exportación de alimentos dos acaparadores do Golfo Pérsico	Balance de exportacións de alimentos	Representación gráfica en barras das exportacións e importacións de alimentos respecto ao total das mercadorías nos países acaparadores do Golfo Pérsico
	Balance de importacións de alimentos	
Fig. 33 Gráfico do balance de importación e exportación de alimentos dos acaparadores asiáticos	Balance de exportacións de alimentos	Representación gráfica en barras das exportacións e importacións de alimentos respecto ao total das mercadorías nos países acaparadores de Asia (exceptuando aos do Golfo Pérsico, polas súas características propias)
	Balance de importacións de alimentos	
Fig. 34 Gráfico do balance de importación e exportación de alimentos dos países acaparados	Balance de exportacións de alimentos	Representación gráfica en barras das exportacións e importacións de alimentos respecto ao total das mercadorías nos países acaparados
	Balance de importacións de alimentos	
Fig. 35 Gráfico do balance de importación e	Balance de exportacións de alimentos	Representación gráfica en barras das exportacións e importacións de alimentos respecto

exportación de alimentos dos diferentes grupos de países	Balance de importacións de alimentos	ao total das mercadorías nos diferentes grupos de países
Fig. 36 Gráfico de exportación de produtos agrícolas de Etiopía	Exportación de alimentos	Representación gráfica en barras das exportacións de produtos agrícolas de Etiopía segundo o seu valor
Fig. 37 Gráfico de cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos acaparadores tradicionais	Índice de Estrés Hídrico	Representación gráfica que amosa o cambio porcentual no estrés hídrico dos acaparadores tradicionais entre o 2000 e o 2019
Fig. 38 Gráfico de cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos países acaparados	Índice de Estrés Hídrico	Representación gráfica que amosa o cambio porcentual no estrés hídrico dos países acaparados entre o 2000 e o 2019
Fig. 39 Gráfico de cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos países do Golfo Pérsico	Índice de Estrés Hídrico	Representación gráfica que amosa o cambio porcentual no estrés hídrico dos países do golfo pérsico entre o 2000 e o 2019
Fig. 40 Gráfico de cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos novos acaparadores	Índice de Estrés Hídrico	Representación gráfica que amosa o cambio porcentual no estrés hídrico dos novos acaparadores entre o 2000 e o 2019. Dentro dos novos acaparadores considéranse os países que comezaron a adquirir terras máis recentemente, excluindo aos do Golfo Pérsico, que amosan características diferenciadas do resto de investidores.
Fig. 41 Gráfico de cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos catro grupos de países	Índice de Estrés Hídrico	Representación gráfica que amosa o cambio porcentual medio no estrés hídrico dos catro grupos de países entre o 2000 e o 2019.

Figura 5. Tratamento e representación dos datos obtidos.

Para a representación e análise dos datos xerouse unha base de datos propia que integra todas as variables mediante o software de follas de cálculo de Excel. Unha parte importante da información tivo que ser procesada previamente para poder ser incluída dentro da base. Posteriormente, mediante a utilización de táboas dinámicas, foron correlacionadas e representadas varias destas variables para a súa análise. As representacións cartográficas leváronse a cabo mediante o uso de ArcMap.

## 4. RESULTADOS

### 4.1. CUANTIFICACIÓN DAS TRANSACCIÓN

En coincidencia con Borrás e Franco (2010), Anseeuw et al. (2012), Aabø e Kring (2012), Genoud (2018) e Zaehring et al. (2021), o presente estudo permite constatar que a partir dos anos 2007 e 2008 se produciu un auxe nas transaccións e investimentos. A Figura 1 amosa a evolución da superficie contratada anualmente no continente africano. De toda a serie construída (2000-2020), pódese observar que entre 2007 e 2015 o acaparamento de terra foi considerablemente maior que o resto de anos. Posteriormente a demanda baixa drasticamente. Autores como Anseeuw et al. (2012) vaticinaban que este auxe da terra podería ser unha burbulla estimulada pola especulación que, como remarca Genoud (2018), é un elemento chave desta onda de acaparamento. Os prezos altos do petróleo e os alimentos posteriores ao 2007 e 2008 foron os dous principais impulsores deste fenómeno e as súas caídas no segundo semestre de 2014 provocaron que o interese pola terra decaese rapidamente ata a actualidade, tal e como reflicte a Figura 6.




Figura 6. Evolución da superficie contratada anualmente entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Aínda que na actualidade o auxe pola terra segue a ser baixo, o actual contexto de inflación e suba de prezo dos combustibles e dos alimentos, especialmente tras o comezo do conflito armado entre Rusia e Ucraína en febreiro de 2022, abre a veda para volver a impulsar o interese pola terra, ante a posibilidade de

que a guerra se alongue e se busquen alternativas para a obtención de recursos enerxéticos e alimentarios.

#### 4.2. DESTINO DOS INVESTIMENTOS

Os investidores moven o seu capital dentro do continente africano principalmente cara a países situados na rexión intertropical, tal e como se pode observar nas Figuras 7 e 8. Trátase do ámbito no que as condicións climáticas son máis favorables para gran variedade de cultivos. O Golfo de Guinea e a costa do Índico son as principais áreas que reciben estes investimentos, coa excepción do Corno de África, principalmente pola inestabilidade social e política en Somalia.




Figura 7. Mapa das hectáreas contratadas anualmente entre os anos 2000 e 2020. Fonte: Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 8. Mapa da porcentaxe de superficie contratada anualmente entre os anos 2000 e 2020 en relación co tamaño do respectivo país. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Nas Figuras 9, 10 e 11 pódense observar os principais receptores dos investimentos. Liberia e República Democrática del Congo son dous dos países con maior terra acaparada e ademais destacan sobre o resto polo pouco peso dos cultivos alimentarios en relación cos usos forestais.

No caso de Liberia a superficie acaparada dende o ano 2000 ata a actualidade chega practicamente a 1,5 millóns de ha, o que implica un 14,6% do total nacional, porcentaxe moi por riba do resto de casos do continente. A gran

maioría dos contratos neste país son grandes concesións forestais para a explotación madeireira, entre as que destacan diversas transnacionais estadounidenses, italianas e malaias, xunto con grandes empresas domésticas que se dedican á exportación.

O caso da República Democrática do Congo presenta certas similitudes co de Liberia, mais a superficie acaparada é menor, alén de que se trata dun dos países máis grandes do continente. O uso forestal aquí tamén ten un peso moito maior que o alimentario, mais neste caso a exportación de madeira non é a principal finalidade. En efecto, este país alberga as maiores superficies de plantacións realizadas para secuestro de carbono, o que varios autores denominan como “acaparamento verde” (Benjaminsen e Bryceson, 2012; Fairhead et al., 2012; Ojeda, 2012 *apud* Franco e Borrás, 2021).

Tamén cómpre destacar o caso de Madagascar, que alberga a maior concesión de terra (discreta) de todo África para o período estudado, con case medio millón de hectáreas. Trátase dun proxecto abandonado na actualidade que levou a cabo a transnacional inglesa Hunter Resources PLC para o cultivo de *jatropha*, destinada á produción de biocombustibles. Anteriormente, no 2008, houbera unha tentativa para establecer unha concesión de terras chamada a ser a maior do mundo. Este é o caso do acordo ao que chegaron o goberno nacional e a empresa surcoreana Daewoo Logistics para arrendar 1.300.000 hectáreas durante un período de 99 anos. No entanto, isto produciu un grande descontento popular, que levou a un levantamento que derivou na caída do réxime de Marc Ravalomanana, naquela altura presidente do país (Ratsialonana et al., 2011).

A pesar de certos casos particulares, a maior parte da superficie acaparada correspóndese con cultivos alimenticios e moitos dos países destino dos investimentos teñen unha grande dependencia das exportacións deses bens. Algúns destes casos poden ser Madagascar, Senegal, Ghana ou Etiopía.




Figura 9. Principais países por superficie acaparada entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 10. Principais países por superficie acaparada en transaccións transnacionais entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).






Figura 11. Principais países por superficie acaparada en transaccións domésticas entre os anos 2000 e 2020. Fonte: Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

A nosa análise tamén amosa unha correlación entre a fame, o peso da agricultura na economía e o acaparamento de terras, como se pode observar na Figura 12. Anseeuw et al. (2012) afirman que a prevalencia da fame e o peso da agricultura no PIB teñen un vínculo de proporcionalidade e, ao igual que indica a Figura 12, os investidores decántanse especialmente por estes países.




Figura 12. Correlación entre o a incidencia da fame, o peso da agricultura na economía e o acaparamento de terras nos principais países por superficie acaparada entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022), Banco Mundial (2020) e *Ayuda en Acción* (2021).

### 4.3. QUEN INVISTE NOS PAÍSES AFRICANOS?

En referencia á procedencia das inversións, un 70,6% correspóndese con adquisicións transnacionais, mentres que as domésticas só supoñen un 29,4%. As Figuras 13, 14 e 15 amosan unha clara predominancia no acaparamento por parte dos cualificados como países do norte global por Anseeuw et al. (2012). Neste traballo denominárase a estes países como “acaparadores tradicionais” e excluírase o caso de Xapón, que é un actor relativamente novo no acaparamento de terras en África e presenta características diferentes ao resto de países deste grupo, polo que se incluírá dentro dos “novos acaparadores”, xunto a outros como China, Malaisia ou Sudáfrica. Outro grupo importante confórmano os

países do Golfo Pérsico, como Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos, Qatar ou Kuwait, os cales tamén se incorporan ao acaparamento de terras recentemente pero impulsados principalmente polas dificultosas condicións locais para o cultivo de alimentos. Por último cabe destacar o grupo dos países acaparados, como Nixeria, Etiopía, República Democrática do Congo ou Liberia, que se dedican á explotación dos seus propios recursos e ao cultivo das súas terras, principalmente para a exportación.




Figura 13. Procedencia dos principais investidores por superficie acaparada entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Entre os principais investidores cómpre salientar empresas privadas de Reino Unido, Italia, Estados Unidos ou Canadá. En referencia ao primeiro resulta importante mencionar que máis da metade das terras están a día de hoxe en desuso, en especial a xa mencionada explotación de jatropha de Madagascar, que representa case medio millón de hectáreas. Pola súa parte Italia e EEUU destacan pola súa presenza en Liberia, aos que hai que sumar recentemente as inversións malaias, na explotación de recursos madeireiros. Os inversores canadenses posúen case a metade das terras dedicadas a secuestro de carbono en República Democrática do Congo xunto a outras explotacións en países como Quenia ou Serra Leoa.

En relación aos acaparadores do Golfo Pérsico a súa presenza está a ser cada vez máis forte no nordeste do continente africano, a rexión xeograficamente máis

próxima a estes países, especialmente en Etiopía, Sudán e Sudán do Sur, coa finalidade de producir alimentos.




Figura 14. Procedencia dos principais investidores por superficie acaparada en transaccións transnacionais entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 15. Procedencia dos principais investidores por superficie acaparada en transaccións domésticas entre os anos 2000 e 2020. Fonte: Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

As transaccións de terras domésticas representan un 29,4% da superficie acaparada durante o período estudado e as características en relación cos inversores estranxeiros son bastante similares. Na súa meirande parte a produción destas terras destínase á exportación.




Figura 16. Procedencia dos principais investidores por número de contratos superiores a 24.000 ha entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Os investidores estranxeiros predominan sobre os domésticos, e ademais os acaparadores tradicionais seguen a ter un claro protagonismo a pesar da aparición de novos actores dende Asia e Oriente Medio. Isto en parte é debido á influencia histórica que tiveron os países europeos en África. As potencias coloniais foron quen de aproveitar a súa situación privilexiada para chegar a acordos favorables (Akram-Lodhi et al., 2007). En efecto, ostentan os contratos de maior superficie dentro do continente, tal e como amosa a Figura 16, que fai referencia a todos aqueles acordos por encima do percentil 90, 24.000 hectáreas, en relación coa área acaparada.




Figura 17. Principais investidores por superficie acaparada entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Na Figura 17 pódense apreciar as principais empresas segundo a superficie acaparada, entre as cales as transnacionais seguen a ser maioría respecto ás domésticas. As que contratan unha maior área xeralmente están vinculadas a grandes concesións forestais para a explotación de recursos madeireiros, aínda que tamén destacan entre estas as que utilizan as terras para secuestro de carbono.




Figura 18. Principais investidores por superficie acaparada respecto ao total da súa respectiva nacionalidade entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 19. Área acaparada polos diversos tipos de investidores entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Respecto aos investidores, a maioría son de natureza privada, soamente un 8,2% serían empresas de capital estatal ou gubernamental, como se observa na Figura 19. Isto vai na liña da teorización de Harvey (2003) acerca de que as empresas transnacionais xogan un papel esencial no imperialismo contemporáneo, que antes era exercido exclusivamente polos estados. Entre as institucións non privadas cómpre destacar a presenza do Banco Mundial, que acapara máis de 173.000 hectáreas a través da Corporación Financeira Mundial, que, á súa vez, posúe varias empresas subsidiarias, e dunha empresa privada da República Democrática do Congo, que opera unhas 6.700 hectáreas dedicadas a secuestro de carbono (Banco Mundial, 2011).

#### 4.4. CARACTERIZACIÓN DAS TERRAS ACAPARADAS

Segundo o status de implantación, a maioría das terras están a ser empregadas de forma operativa, tal e como se observa na figura 20. No entanto, as porcentaxes varían en gran medida en función de se se trata de transaccións transnacionais ou domésticas. No caso das primeiras, tal e como se observa na Figura 22, soamente o 54% están a ser empregadas de forma operativa, mentres que o resto aínda non están a xerar ningún rendemento, entre as que hai que destacar un 28% das mesmas cuxos proxectos foron abandonados. Pola contra,

no caso dos acaparamentos domésticos un 69% destes están en fase operativa, tal e como se pode observar na Figura 21, e soamente o 6% se corresponde con proxectos abandonados. Isto indica que os investimentos domésticos chegan a consolidarse mellor que os transnacionais, aos cales probablemente se lles pode asociar unha compoñente especulativa maior.




Figura 20. Porcentaxe de terras segundo o status de implantación entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 21. Porcentaxe de terras segundo o status de implantación en transaccións domésticas entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).






Figura 22. Porcentaxe de terras segundo o status de implantación en transaccións transnacionais entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

En relación cos usos aos que se destinan as terras, os cultivos alimenticios continúan ser predominantes, aínda que cada vez é maior a porcentaxe utilizada para outros cultivos empregados para a produción de biocombustibles ou de pensos, como se observa na Figura 23. Non obstante, segue a haber diferenzas claras entre as terras acaparadas a través de transnacionais e as adquiridas por medio de transaccións domésticas. No caso das primeiras, como se pode observar na Figura 24, soamente un 27% da superficie está clasificada como cultivos alimenticios. Os países do Golfo Pérsico son os que se enfocan máis a este tipo de investimentos. Tamén destacan os cultivos destinados á produción de biocombustibles, de madeira ou doutros produtos non alimentarios. Por outro lado, en referencia aos usos aos que se destinan as terras de transaccións domésticas, tal e como se observa na Figura 25, os cultivos alimentarios teñen un peso moito maior, pois ocupan un 35% da superficie, fronte ao 11% dos biocombustibles ou 10% das plantacións de madeira.




Figura 23. Usos aos que se destinan as terras arrendadas entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 24. Usos aos que se destinan as terras arrendadas de transaccións transnacionais entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 25. Usos aos que se destinan as terras arrendadas de transaccións domésticas entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 26. Principais cultivos por superficie dos terreos nos que se produce entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

Profundando máis nos usos do solo, se se observa a Figura 26 pódense apreciar os principais cultivos empregados nas terras acaparadas. En primeiro lugar aparece a jatropha, un cultivo tropical que está a gañar gran popularidade para

a produción de biodiésel polos seus altos rendementos, mesmo en solos con condicións edáficas non favorables, aínda que se trata dunha planta que require grandes cantidades de auga (Acheampong e Campion, 2014). Por outro lado cómpre destacar a influencia dos cultivos flexibles, como destaca Genoud (2018), tales como o aceite de palma, o millo, a cana de azucre ou a soia, os cales son aproveitados por diversas empresas, principalmente grandes transnacionais, para derivalos a aqueles usos que xeren maior rendimento. Ademais, tamén son relevantes os cultivos puramente alimentarios e as plantacións forestais, principalmente de eucalipto e piñeiro.




Figura 27. Área segundo o número de cultivos por explotación entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).




Figura 28. Tamaño medio das terras acaparadas entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Land Matrix (2022).

A maioría da superficie acaparada está conformada por grandes monocultivos, especialmente no caso dos investimentos transnacionais, que ademais ocupan as terras de maior tamaño, como se observa na Figura 28. A Figura 27 amosa que o 60,5% da terra acaparada soamente se dedica a un único cultivo. Ademais, o 32,8% onde utilizan varios non necesariamente implica que non se trate de monocultivos. As grandes empresas beneficianse deste tipo de plantacións, que xunto ao uso de técnicas e medios de produción avanzados logran limiares de produtividade que serían inalcanzables en economías a pequena escala (Borrás e Franco, 2010).




Figura 29. Porcentaxe de terra acaparada respecto ao total de terras cultivables de cada país. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022) e Land Matrix (2022).




Figura 30. Evolución dos terreos selváticos e cultivables entre os anos 2000 e 2020. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022)

Os usos do solo nos países destino dos investimentos tamén están a experimentar cambios directamente vinculados, aínda que non de forma exclusiva, co acaparamento de terras. A Figura 29 amosa as porcentaxes que ocupan os acaparamentos de terras respecto ao total de terras cultivables no ano 2018 para os países con maior superficie contratada. As cifras oscilan entre 1% e o 5%. Isto implica que para ocupar esas áreas foi necesario recorrer a dúas vías posibles: acaparar aquelas que xa eran cultivables ou transformar outras co fin de acondionalas para o cultivo. A Figura 30 mostra como se produce un incremento dos terreos cultivables paralelamente a unha redución considerable das áreas selváticas dos principais países destino dos investimentos, salvando o caso de Senegal. Todo isto corrobora as inferencias de Borrás e Franco (2010) e Zaehring et al. (2021), que sosteñen que o acaparamento de terras é un forte impulsor da deforestación.

#### 4.5. FLUXOS COMERCIAIS DOS PAÍSES ACAPARADORES E DOS ACAPARADOS

Dentro dos acaparadores tradicionais os balances comerciais de alimentos amosan situacións diversas pero con certos trazos característicos. Polo xeral a súa produción agrícola é de gran produtividade, de xeito que se benefician dos

medios e técnicas máis avanzados. En moitos casos as súas importacións van orientadas á elaboración de alimentos procesados que posteriormente son exportados, xerando cadeas de grande valor engadido.

En relación coas diferenzas dentro dos acaparadores tradicionais, grandes países como Estados Unidos e Canadá dispoñen de enormes superficies dedicadas ao monocultivo de cereais e soia principalmente, polo que son dous grandes exportadores a nivel mundial. Pola contra, en Europa a superficie cultivable é menor e as explotacións tenden a ser máis pequenas. Países como Francia, cunha importante produción de cereais, ou España, que destaca na horticultura, manteñen un balance positivo en materia de fluxos comerciais agrícolas. Pola contra países como Italia, Reino Unido ou Portugal si que teñen balances negativos nos seus intercambios agrícolas, o que en parte se debe a unha alta densidade de poboación e menor superficie cultivable, factores que impulsan a importar do exterior.




Figura 31. Balance de importacións e exportacións de alimentos dos acaparadores tradicionais no ano 2020. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022).

Dentro do grupo conformado polos investidores do Golfo Pérsico hai unha marcada homoxeneidade no balance comercial de produtos agrícolas. As condicións climáticas adversas destes países dificultan enormemente a

producción local de alimentos, polo que a importación é a vía máis favorable para obtelos. Por este motivo a Figura 32 amosa unhas porcentaxes tan descompensadas entre a importación e a exportación de produtos agrícolas.




Figura 32. Balance de importacións e exportacións de alimentos dos acaparadores do Golfo Pérsico no ano 2020. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022).

No grupo dos novos acaparadores a situación é máis heteroxénea, como se observa na Figura 33. Países desenvolvidos e moi densamente poboados, como Xapón e Corea do Sur son grandes importadores. China, a pesar de ter grandes producións agrícolas, na súa gran maioría destínanse a consumo interno. As importacións do xigante asiático céntranse en dous produtos, carne e soia. Esta última emprégase para a elaboración de penso para a industria cárnica interna.

A India xoga un papel importante como investidor en terceiros países, mais tamén posúe unha gran produción interna de cereais, algodón, especias ou soia, da cal unha porcentaxe importante destínase á exportación. Tamén está a experimentar un gran auxe a produción de res deste país, de xeito que se está a converter no último lustro no principal exportador deste tipo de carne a nivel mundial (Jakobsen e Hansen, 2019).



Malaisia tamén é un importante exportador, especializado na produción de aceite de palma. Este sector é un dos máis importantes do país e tamén dos seus investimentos no estranxeiro, destacando o caso de Indonesia, onde os malaios acaparan case 1.300.000 hectáreas. No entanto, o comercio con África e moito máis reducido e a súa relevancia para este estudo é menor.

Maior relevancia presenta Sudáfrica. A súa balanza comercial de alimentos amosa un predominio da exportación, mais aínda así este país xoga un dobre papel de acaparador e acaparado. Como país investidor hai una clara predilección cara os seus veciños do sur de África, como Zimbabwe, Botswana, Eswatini ou Mozambique, con presenza en varias terras. Tamén é un importante acaparador doméstico, con case 237.000 hectáreas contratadas. Por outra parte, é un destino de investidores estranxeiros, pero cunha ocupación moito menor que outros países africanos.




Figura 33. Balance de importacións e exportacións de alimentos dos novos acaparadores no ano 2020. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022).

Os países acaparados son basicamente países exportadores, como se pode observar na Figura 34. Aqueles que non destacan no comercio de alimentos polo xeral soen estar relacionados con outro tipo de recursos primarios, como a madeira, os minerais ou os combustibles, dos que obteñen a meirande parte dos

seus ingresos. A maioría destes recursos exportados procésanse por entes externos que son os grandes beneficiados das cadeas de valor engadido. Os principais importadores coinciden co grupo de países que integran os acaparadores tradicionais, seguido de China, que non ten tanta presenza na ocupación de terras mais si na compra de recursos, e os países do Golfo Pérsico.




Figura 34. Balance de importacións e exportacións de alimentos dos países acaparados no ano 2020. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022).




Figura 35. Balance de importacións e exportacións de alimentos dos diferentes grupos de países no ano 2020. Datos obtidos de: Banco Mundial (2022).




Figura 36. Exportacións de produtos agrícolas de Etiopía no ano 2020. Datos obtidos de: Resource Trade (2022).

Salvando excepcións, como o caso de Liberia ou República Democrática do Congo, na maioría de países estudados os cultivos alimenticios son predominantes. Etiopía supón un claro exemplo de país produtor de alimentos, pois aproximadamente o 90% das súas exportacións de mercadorías son deste tipo, xunto a outros cultivos destinados a pensos ou a biocombustibles. Na Figura

36 pódese observar que tanto os acaparadores tradicionais como os novos investidores de Oriente Medio e de Asia son os principais destinos destas exportacións. O mercado dentro do continente ten un peso moi pequeno respecto ao total e cabe matizar que dentro deste tres cuartas partes das exportacións van parar a Somalia e Djibuti, onde posteriormente se distribúen cara a Oriente Medio e Asia, especialmente cara aos Emiratos Árabes Unidos. Outro dos mercados onde o país africano está a experimentar un grande crecemento é na produción de cultivos destinados á elaboración de pensos para alimentar a incipiente industria cárnica asiática (Jakobsen e Hansen, 2019). Por este motivo China é un dos principais importadores de soia etíope.

#### 4.6. CONSECUENCIAS DO ACAPARAMENTO

É difícil en moitos casos avaliar as consecuencias do acaparamento. Na gran maioría dos estudos requírense testemuñas de primeira man das poboacións locais. Resulta complicado sacar conclusións claras a partir de estatísticas a nivel nacional sobre economía ou benestar e establecer un vínculo directo co acaparamento de terras. Non obstante, dende a óptica ambiental o impacto é máis notorio e facilmente cuantificable a través de diversas fontes de datos. Este é o caso das estatísticas xa comentadas na Figura 30 sobre a evolución das terras cultivables e da superficie selvática.

Tamén son relevantes os índices de estrés hídrico e a súa evolución durante o período estudado. As figuras 37, 38, 39, 40 e 41 amosan o cambio porcentual nos índices de estrés hídrico elaborados pola FAO. Estes indican que mentres os países acaparadores conseguiron reducir o estrés hídrico, ou mitigar o seu crecemento, os países acaparados experimentaron incrementos neste índice, nalgúns casos de pouca relevancia, mais noutros máis preocupantes, principalmente en aqueles de climas tropicais durante a estación seca. En efecto, Anseeuw et al. (2012) e Zaehring et al. (2021) defenden que o aumento do consumo de auga a raíz dos acaparamentos é moi notorio e que os recursos hídricos dos países acaparados vense prexudicados a favor daqueles que invisten en terras estranxeiras.




Figura 37. Cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos acaparadores tradicionais entre os anos 2000 e 2019. Datos obtidos de: FAO (2022).




Figura 38. Cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos países acaparados entre os anos 2000 e 2019. Datos obtidos de: FAO (2022).




Figura 39. Cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos acaparadores do Golfo Pérsico entre os anos 2000 e 2019. Datos obtidos de: FAO (2022).




Figura 40. Cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos novos acaparadores entre os anos 2000 e 2019. Fonte: Datos obtidos de: FAO (2022).




Figura 41. Media de cambio porcentual no índice de estrés hídrico da FAO nos catro grupos de países entre os anos 2000 e 2019. Datos obtidos de: FAO (2022).

Se ben é certo que o acaparamento de terras non é a causa única dos cambios nos usos do solo que propician a deforestación ou a posta en risco dos recursos hídricos dos países aos que van dirixidos os investimentos, si que son un importante axente que contribúe negativamente nestes e moitos outros aspectos de carácter ambiental, social e económico.

## 5. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓN

O fenómeno do acaparamento de terras experimentou un grande auxe entre o 2007 e o 2015 impulsado polo aumento dos prezos dos alimentos e os combustibles e a procura de novos sectores onde investir financeiramente, sendo a zona intertropical do continente africano a máis afectada. Os motores que promoveron este primeiro auxe permiten propoñer a hipótese de que ante o actual contexto mundial de inflación propiciados pola Guerra entre Rusia e Ucraína se produza unha segunda onda de investimentos no continente africano. Por outro lado, as paralizacións comerciais provocadas pola pandemia de COVID-19 tamén están a causar un efecto agravante da inflación, pero estas poñen cada vez máis no punto de mira o modelo actual de comercio a longa distancia, polo que neste sentido se trata dun elemento que xera alicientes e que ao mesmo tempo actúa como freo de novos acaparamentos. A isto hai que engadir o fenómeno do quecemento global e o xurdimento do acaparamento verde ante un contexto de maior presión pola redución das emisións de gases

de efecto invernadoiro. A pesar do relativo éxito que tivo polo xeral o acaparamento de terras para as empresas que investiron en África, hai que ter en conta que unha parte importante dos proxectos quedaron abandonados, especialmente os transnacionais, o cal pode facer baixar a confianza dos posibles novos investidores.

O acaparamento de terras tamén tivo importantes implicacións territoriais para os países destino das inversións. Grandes áreas selváticas, terreos cualificados de baldíos ou marxinais e zonas destinadas a cultivo local para o autoconsumo ou o pequeno comercio transformáronse en explotacións de grandes entes, principalmente privados, para a exportación. Isto está a xerar problemas ambientais notorios, tales como perda de biodiversidade e capacidade de secuestro de carbono pola depredación dos bosques (Aínda que parte dos terreos se dediquen a acaparamento verde) e escolma dos recursos hídricos. Igualmente son importantes as consecuencias sociais que está a xerar o acaparamento, que denega os medios de vida autóctonos e pon en perigo o sustento económico e a seguridade alimentaria das poboacións locais.

Procurar solucións aos problemas do acaparamento de terras non é unha tarefa fácil. O código de conduta proposto polos axentes internacionais do desenvolvemento tradicional, como o Banco Mundial ou a FAO, para autores como Borrás e Franco (2010) parece insuficiente e non implica consecuencias necesariamente positivas para as sociedades locais ou para o medio ambiente. Por este motivo as solucións pasan por reformular os marcos lexislativos de forma que non obvien estas dúas realidades, poñendo atención sobre os estratos sociais máis desfavorecidos e sobre a problemática ecolóxica.

A crítica realizada neste estudo ao acaparamento de terras non implica un rexeitamento absoluto aos investimentos estranxeiros, pois é certo que estes poden estimular o desenvolvemento dos países máis empobrecidos. Non obstante, si que achamos que hai que reconsiderar a forma de xestionar estes investimentos, por medio de marcos reguladores que establecen condicións desiguais entre os grandes investidores e as sociedades locais. Complementariamente a unha renovación lexislativa, é preciso garantir a súa correcta aplicación e a participación democrática de todos os implicados nos procesos de acaparamento.



## BIBLIOGRAFÍA

- Aabø, E., & T. Kring (2012). *The Political Economy of Large-scale Agricultural Land Acquisitions: Implications for Food Security and Livelihoods/Employment Creation in Rural Mozambique*. United Nations Development Programme Working Paper, 4. Recuperado o 22 de maio de 2022, de <https://econpapers.repec.org/paper/racwpaper/2012-004.htm>
- Acheampong, E., & Campion, B. (2014). The Effects of Biofuel Feedstock Production on Farmers' Livelihoods in Ghana: The Case of *Jatropha curcas*. *Sustainability*, 6(7), 4587–4607. <https://doi.org/10.3390/su6074587>
- Akram-Lodhi, A. H., Borrás, S. M., & Kay, C. (2007). *Land, Poverty and Livelihoods in an Era of Globalization*. Cidade: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9780203962251>
- Alhassan, S. I., Shaibu, M. T., & Kuwornu, J. K. (2018). Is land grabbing an opportunity or a menace to development in developing countries? Evidence from Ghana. *Local Environment*, 23(12), 1121–1140. <https://doi.org/10.1080/13549839.2018.1531839>
- Andrianirina Ratsialonana, R., Ramarojohn, L., Burnod, P., & Teyssier, A. (2011). *After Daewoo? Current status and perspectives of large-scale land acquisition in Madagascar*. <https://agritrop.cirad.fr/560265/>
- Anseeuw, W., Bouche, M., Breu, T., Giger, M., Lay, J., Messerli, P., & Nolte, K. (2012, abril). *Transnational Land Deals for Agriculture in the Global South* (N.o 1). Land Matrix. Recuperado o 22 de maio de 2022, de [https://landmatrix.org/documents/82/Analytical\\_Report\\_I\\_LMI\\_English\\_2012\\_xP1xzqu.pdf](https://landmatrix.org/documents/82/Analytical_Report_I_LMI_English_2012_xP1xzqu.pdf)
- Borrás, S. M., & Franco, J. (2011). Global Land Grabbing and Trajectories of Agrarian Change: A Preliminary Analysis. *Journal of Agrarian Change*, 12(1), 34–59. <https://doi.org/10.1111/j.1471-0366.2011.00339.x>
- Borrás, S. M., & Franco, J. (2010). *La política del acaparamiento mundial de tierras Replanteando las cuestiones de tierras, redefiniendo la resistencia* (N.o 1). ICAS Working Paper Series No. 001. Recuperado o 20 de maio de 2022, de

<https://www.tni.org/files/La%20pol%C3%ADtica%20del%20acaparamiento%20mundial%20de%20tierras.pdf>

Franco, J. C., & Borrás, S. M. (2021). The global climate of land politics. *Globalizations*, 18(7), 1277–1297. <https://doi.org/10.1080/14747731.2021.1979717>

Genoud, C. (2018). Flex crops neverland: finding access to large-scale land investments? *Globalizations*, 15(5), 685–701. <https://doi.org/10.1080/14747731.2018.1488655>

German, L. A., & Braga, C. (2019). Decentering emergent truths on tenure security: Archaeology of a global knowledge regime. *The Journal of Peasant Studies*, 48(6), 1228–1259. <https://doi.org/10.1080/03066150.2019.1682555>

Harvey, D. (2003). *The New Imperialism*. Oxford: Oxford University Press.

Jakobsen, J., & Hansen, A. (2019). Geographies of meatification: an emerging Asian meat complex. *Globalizations*, 17(1), 93–109. <https://doi.org/10.1080/14747731.2019.1614723>

Margulis, M. E., McKeon, N., & Borrás, S. M. (2013). Land Grabbing and Global Governance: Critical Perspectives. *Globalizations*, 10(1), 1–23. <https://doi.org/10.1080/14747731.2013.764151>

Tesema, Y. (2021). Interrogating Dispossession for Development in Ethiopia. *Forum for Development Studies*, 49(1), 53–76. <https://doi.org/10.1080/08039410.2021.1984305>

World Bank Group. (2012, 11 junio). *Congo Community to Use Carbon Payments to Put Kids Through School*. World Bank. Recuperado 8 de xuño de 2022, de <https://www.worldbank.org/en/news/press-release/2011/03/08/congo-community-to-use-carbon-payments-to-put-kids-through-school>

Zaehringer, J. G., Messerli, P., Giger, M., Kiteme, B., Atumane, A., da Silva, M., Rakotoasimbola, L., & Eckert, S. (2021). Large-scale agricultural investments in Eastern Africa: consequences for small-scale farmers and the environment. *Ecosystems and People*, 17(1), 342–357. <https://doi.org/10.1080/26395916.2021.1939789>

